

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E O INSTITUTO MUNICIPAL CORUÑA ESPECTÁCULOS (IMCE) PARA O DESENVOLVEMENTO DE CONCERTOS DENTRO DA PROGRAMACIÓN DA FEIRA INTERNACIONAL WOMEX 2023 ENCOMENDADOS POLO CONCELLO DA CORUÑA

Santiago de Compostela

COMPARECEN

Por unha banda, Román Rodríguez González, en representación da Axencia Galega das Industrias Culturais, no sucesivo Agadic, con NIF Q-6550009-B, actuando en nome e representación da mesma en virtude do establecido pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, e o Decreto 150/2012, do 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais.

E doutra, Gonzalo Henrique Castro Prado, vicepresidente (DEC/AYT/4553/2023 de 23 de xuño de 2023) do Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE) con NIF Q-1500358-E, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

E dando fe, por parte do Concello, o secretario, en virtude do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

Ambas as partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade legal para convir no nome das entidades que representan e teñen conferidas e a tal fin

EXPOÑEN

Primeiro. A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, segundo establece o artigo 1.2 da citada Lei.

O obxecto da Axencia é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.b) da Lei 4/2008), así como promover a distribución e comercialización dos produtos culturais dentro e fóra do noso país, contribuír á mellora na preparación e cualificación artística, técnica e empresarial dos recursos humanos, pero tamén o é o impulso da cooperación e o asociacionismo entre os traballadores e traballadoras e as empresas dos distintos sectores culturais, así como as medidas do sector profesional galego para aumentar a súa presenza e competitividade nos mercados culturais, en especial no apoio ás exportacións de bens e servizos culturais galegos.



Para o logro dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).

Segundo. A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/1997, do 22 de xuño, da administración local de Galicia, atribúelles competencias tanto aos concellos como ás deputacións de fomento e organización de actividades nos seus respectivos ámbitos territoriais. O Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE) é un organismo autónomo do Concello da Coruña creado ao amparo da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que ten por obxecto contratar e xestionar os programas do Concello da Coruña que teñan relación coas actividades culturais públicas de interese para a cidade.

Terceiro. A Feira Internacional Músicas do Mundo-WOMEX é un encontro profesional para o sector da música que atrae a máis de 2.500 delegados e 1.300 empresas de máis de 90 países; un encontro ao que acoden uns 800 programadores, máis de 600 selos, editores e distribuidores, ademais dun número considerable de xornalistas e distintos medios de comunicación. Constitúe, pois, unha das citas culturais de carácter internacional máis importantes que sitúan a cidade onde se celebra, e xa que logo a comunidade autónoma que a acolle, no centro neurálxico das músicas do mundo, cun importante impacto na imaxe de marca da cidade, do país, do seu tecido cultural e da súa industria musical.

WOMEX escolle para cada encontro un novo enclave no que, durante catro días, os participantes poden gozar de concertos, conferencias, actuacións en directo, proxeccións de documentais e concertar citas e encontros con diferentes artistas ou discográficas. Nesta edición, será A Coruña a cidade que do 25 ao 29 de outubro acolla este importante evento, que constituirá unha oportunidade única para o seu posicionamento internacional.

Cuarto. Por resolución do 17.10.2023 o Concello da Coruña (cesionaria da marca “WOMEX 2023 THE WORLD MUSIC EXPO” en virtude do contrato de cesión de uso temporal da marca para a organización do evento en 2023 asinado o 10.10.2022 co titular da marca, a empresa Piranha Arts AG) encomenda ao Instituto Municipal Coruña Espectáculos, como organismo autónomo municipal, a xestión da celebración dos concertos que, dentro da programación da Feira, se realicen no Teatro Colón, no Teatro Rosalía Castro e na explanada Parrote.

Quinto. Galicia conta cun tecido cultural de extraordinaria calidade, con propostas de enorme interese que cómpre fomentar e protexer, e a celebración do WOMEX na nosa comunidade vai ser unha grande oportunidade para a música galega pero tamén para a proxección internacional da nosa cultura e para o posicionamento da Coruña, e de Galicia, no mercado musical internacional.

A Agadic decide participar no financiamento deste programa por tratarse dunha actividade de primeira liña, da maior feira mundial de música étnica e tradicional. O seu grao de recoñecemento a nivel mundial permite achegar o evento a gran cantidade de público internacional, en gran parte creadores de opinión en diferentes lugares do mundo, e a facer visible o potencial da cidade da Coruña a nivel cultural e turístico; unha ferramenta de transformación, sen dúbida, para a cidade pero tamén unha oportunidade para a música galega, que poderá verse proxectada internacionalmente.



Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes nas que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio de colaboración é o financiamento por parte da Agadic do desenvolvemento dos concertos que, dentro da programación do WOMEX 2023 na cidade da Coruña, terán lugar nos espazos Teatro Colón, Teatro Rosalía Castro e explanada Parrote dende o 25 ao 29 de outubro de 2023.

SEGUNDA. IMPOSIBILIDADE DE PROMOVER A CONCORRENCIA PÚBLICA

O carácter específico da actuación, e a súa inclusión na planificación estratéxica da Agadic, así como a posesión da marca “WOMEX 2023 THE WORLD MUSIC EXPO” por parte do Concello da Coruña para a organización da edición 2023 nesta cidade, e a encomenda de xestión que o Concello realiza ao Instituto Municipal Coruña Espectáculos para o desenvolvemento dos concertos en tres dos espazos da cidade, evidencian a imposibilidade de promocionar a concorrência pública para o desenvolvemento desta actividade e xustifican a canle da subvención mediante convenio de colaboración.

O proxecto cumpre, por tanto, cos requisitos previstos nos artigos 2 e 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De acordo con este último precepto, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa as subvencións para aquelas actuacións que acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria pública.

A normativa reguladora de subvencións permite subscribir convenios de colaboración como canle de concesións de subvencións de forma directa, por razóns de interese público debidamente xustificadas, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública, como é o caso.

TERCEIRA. ACTUACIÓNS DO PROGRAMA

O IMCE encargárase da xestión da realización dos concertos que dentro da programación do WOMEX se celebrarán nos seguintes espazos:

Explanada Parrote: concertos de Florence Adooni, Elephant Sessions, La Sonora Mazurén, 79rsGang, Widad Mjama&Khali Epi, Baiuca, Liraz, Puuluup, Bamba Wassoulou Grove.

Teatro Colón: concertos de Mouvman Alé, Annamaret, Livia Mattos, Danuk, Aleph Quintet, Teo Collori & Momento Cigano, Matt Carmichael, Erini, Ana Carla Maza.



Teatro Rosalía Castro: concertos de Valeria Castro, Magali Sare & Manel Fortia, Neomak, Beatriz Rosario, Vivi Pozzebón, Rodrigo Sosa e la Quenística, Arnaldo Antunes e Vitor Araujo, Ailá, Trilitrate.

CUARTA. ORZAMENTO DO PROGRAMA E FINANCIAMENTO

A Agadic realizará unha achega por importe de 80.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 10.A1 432B 760.0 que ten atribuídos segundo os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O custo total das actividades obxecto de subvención é de 165.135 euros (impostos incluídos). A xustificación de gastos por importe inferior ao custo total das actividades implicará a minoración proporcional do importe da subvención.

QUINTA. COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

SEXTA. OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

1. O beneficiario deberá cumprir, ademais dos requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os requisitos recollidos no artigo 11 da mesma lei que a continuación se relacionan:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Agadic, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- c) Comunicarlle á Agadic a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que



fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma.

O cumprimento destes requisitos poderán ser comprobados pola Agadic agás oposición expresa da entidade solicitante. No caso de oposición, deberán achegarse os certificados correspondentes.

e) Dar publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención. Incluirase en toda a documentación e soportes específicos das actividades que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia. Para estes efectos, todos os materiais ou soportes de difusión, impresos e en liña, deberán incluír o logotipo da Xunta de Galicia, de acordo co seu manual de identidade corporativa.

f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

g) Acreditar o cumprimento da obriga de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, conforme o indicado no artigo 4 e na disposición transitoria única do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

h) Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.

2. A entidade debe cumprir coa obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que a entidade beneficiaria non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 da citada lei.

SÉTIMA. GASTOS SUBVENCIONABLES

1. Considéranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período establecido entre o 1 de xaneiro do 2023 e a data límite de xustificación (1 de decembro de 2023).

GASTOS SUBVENCIONABLES	Importe (IVE incluído)
Actuación	
Concertos na explanada Parrote	99.338
Servizos:	
1. Alugueiro de carpa	18.000
2. Alugueiro de planchada de escenario, mixer...	6.000
3. Instalación eléctrica	9.500
4. Son e audiovisuais	39.736
5. Persoal técnico	7.500



6. Seguridade	5.500
7. Transporte artistas	1.302
8. Montaxe e dirección de produción	6.800
9. Cátering	5.000
Actuación	32.343
Concertos no Teatro Colón	
Servizos:	
1. Son, audiovisuais e backline	15.000
2. Persoal técnico	7.843
3. Acomodación	3.000
4. Transportes artistas	1.500
5. Cátering	5.000
Actuación	33.454
Concertos no Teatro Rosalía Castro	
Servizos:	
1. Son, audiovisuais e backline	16.111
2. Persoal técnico	7.843
3. Acomodación	3.000
4. Transportes artistas	1.500
5. Cátering	5.000
TOTAL	165.135

2. O prazo de xustificación das actuacións deste convenio remata o **1 de decembro de 2023**.

OITAVA. XUSTIFICACIÓN E CONDICIÓNS DE PAGAMENTO

1. A entidade, segundo se establece no artigo 8 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, estará obrigado a xustificar ante a Agadic o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola documentación que se relaciona nesta cláusula, e que incorporará, en todo caso, a certificación da Intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

2. A xustificación da execución das actividades subvencionadas realizarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto no artigo 10 do citado Decreto 193/2011, do 6 de outubro, que deberá conter:

a) Certificación expedida polo órgano competente relativa á aprobación da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

- O cumprimento da finalidade da subvención.

- Os distintos conceptos de gasto (estruturados segundo as partidas ou conceptos de gasto relacionados na cláusula sétima do convenio) e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte



relación: identificación do acredor (denominación e NIF), número de factura ou documento de valor probatorio equivalente, concepto do gasto claramente expresado, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Serán válidos os documentos de gasto comprometido ou recoñecemento da obriga das actividades sempre que teñan data anterior ao 1 de decembro de 2023. Non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais, con indicación do importe e a súa procedencia.

c) No seu caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011 de medidas fiscais e administrativas).

d) Certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

e) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

f) Detalle da documentación e soportes publicitarios nos que conste a colaboración da Xunta de Galicia nas actividades conveniadas.

3. A execución das actividades conveniadas poderá ser subcontratada na totalidade do seu importe, para o que se estará ao establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 43 do seu Regulamento.

4. Á vista desta documentación, a Agadic comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá o certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento da achega comprometida.

5. A Agadic resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

6. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte da entidade remata o 1 de decembro de 2023.

NOVENA. PERSOAL E RELACIÓNS LABORAIS

1. A selección do persoal específico que a entidade dedicará á execución do programa corresponderalle a esta.



2. A sinatura deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que van desenvolver as actividades e a Agadic, de xeito que non se lle poderá esixir a esta ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

DÉCIMA. PUBLICIDADE DO CONVENIO

1. Este convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2017, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

2. De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

3. As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para estes efectos, os asinantes prestan consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mais o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo, os asinantes aceptan e consenten a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA. COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO CONVENIO

1. De acordo co previsto no artigo 49.f da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, créase un órgano mixto de vixilancia e control da execución e aplicación deste convenio e de resolución de controversias administrativas. A esta comisión mixta de seguimento serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e non recollidas nel, e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

2. Esta comisión estará composta polos seguintes membros:

- A persoa titular da Presidencia da entidade beneficiaria ou persoa que legalmente a represente, ou unha persoa da entidade que a substitúa.
- A persoa titular da Dirección da Agadic actuará como presidente e a suplencia exercerase pola persoa titular do Departamento de Coordinación Xeral e Xerencia da Agadic.

3. Actuará como secretario ou secretaria, con voz pero sen voto, un funcionario ou funcionaria da Agadic.



DÉCIMO SEGUNDA. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

1. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia –Agadic– coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da concesión da subvención a través deste convenio.
2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.
3. Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia coa finalidade de cumprir co obxecto deste convenio.
4. A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase á dita normativa e coas limitacións que esta establece.
5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora no procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.
6. Así mesmo, a entidade conveniente someterase ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

DÉCIMO TERCEIRA. MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Ao abeiro do disposto no artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, o Concello beneficiario da subvención deberá presentar a solicitude de modificación da subvención concedida cunha antelación mínima dun mes. A modificación deberá respectar o obxecto da subvención, as actividades subvencionadas e evitar actuacións deficientes ou incompletas. A solicitude deberá acompañar a documentación establecida no apartado 4 do citado artigo 7:

- a) Memoria xustificativa, na cal ademais se faga constar que non se desvirtúa o proxecto subvencionado, que non suporá unha actuación deficiente e que se cumpre co obxectivo da resolución da concesión.
- b) Orzamento ou proxecto modificado.



c) Relación e identificación concreta dos cambios introducidos en cadro comparativo.

2. Serán causas de resolución deste convenio as seguintes:

a) Incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste.

b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a concesión.

c) Os supostos previstos no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. A tramitación do procedemento de reintegro realizarase de conformidade co disposto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

d) O mutuo acordo entre as partes.

3. En caso de resolución, o convenio terá os efectos establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

DÉCIMO CUARTA. NORMATIVA APLICABLE E XURISDICIÓN

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-2017) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso administrativa será competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

DÉCIMO QUINTA. ADMINISTRACIÓN DIXITAL

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).



DÉCIMO SEXTA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio estará en vigor dende o día da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2023. Non obstante, abranguerá as accións obxecto do convenio que se realicen pola entidade dende o 1 de xaneiro de 2023.

DÉCIMO SÉTIMA. NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Este convenio obriga as partes que o asinan ao seu cumprimento e ambas as dúas sométense ao acordado en todas as cláusulas.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este convenio na data que figura na marxe

**POLA AXENCIA GALEGA DAS
INDUSTRIAS CULTURAIS**

Román Rodríguez González
Presidente do Consello Reitor da Agadic

**POLO INSTITUTO MUNICIPAL
CORUÑA ESPECTÁCULOS-IMCE**

Gonzalo Henrique Castro Prado
Vicepresidente

